

23 de abril
Día Internacional do Libro

liter-ART

V-23 de abril-19:30 h - Todos os públicos (+12 anos)
"A tribo literaria en 2021" (Reflexións sobre a situación actual da literatura galega)



Coa participación de:
Carlos Lorenzo Pérez, coordinador do Concurso de Poesía "Concello de Carral", Henrique Alvarellos Casas, presidente da Asociación Galega de Editoras, Henrique Rabuñal Corgo, escritor e crítico literario, Xosé Manuel Pereiro Sánchez, xornalista.
Modera: Alfredo Ferreiro Salgueiro, escritor e director literario.
Duración: 60 min.

No contexto da actual crise mundial, varios dos principais axentes do sistema literario galego farán unha posta en común sobre a situación actual da literatura galega e as súas necesidades máis urxentes. O evento será retransmitido en streaming e as conclusións serán publicadas para promover o debate entre especialistas e público xeral.

29 de abril
Día Internacional da Danza
danz-ART

V-30 de abril-19:00 h - Público infantil (4-12 anos)
"Miramiró" de Baal Dansa (Illas Baleares)

Espectáculo de **danza e animación de vídeo** para a rapazada que nace do universo de **Joan Miró**. Unha selección da súa obra gráfica forma o marco no cal se desenvolve a peza. As vivas cores, as formas xeométricas e a aparente "totipotencia" das "figuras e personaxes" estimulan a fantasía, deixando entrever que todo é posible. Como por encantamento as pinturas adquieren vida e transportánnos a un universo imaxinario: unha aventura chea de descubrimentos e sorpresas.

Unha viaxe ao Cosmos da man de Joan Miró.



Dirección artística: Catalina Carrasco
Asistencia dramaturxia: Pau Bachero
Dirección técnica: Gaspar Morey
Creación e interpretación: Aina Pascual, Catalina Carrasco, Gaspar Morey
Animación de vídeo: Adri Bonsai (Ganadora de los premios Goya 2018 con "Woody and Woody" de Jaume Carrió al mejor corto de animación)
Diseño marioneta: Leo Alburquerque
Asistencia Voz: Aina Compte

Duración: 60 min.



A CONCELLARÍA DE CULTURA LÉMBRALLE QUE:

- Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a máxima puntualidade.
- Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.
- Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.
- As alarmas e os teléfonos móbiles deben estar desconectados.
- Para realizar gravacións e tomar fotografías deberán obter permiso previo da organización.
- Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomentan as propias compañías polo que:

- **En espectáculos infantís ou para todos os públicos: os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**

- **En espectáculos para adultos: só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por adultos**, responsables dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.

- Algúns dos espectáculos estarán suxeitos ao aboamento de entrada e, para o resto, deberán retirarse as correspondentes invitacións para o acceso á sala.
- Esta programación poderá sufrir variacións.

VENDA DE ENTRADAS:

En horario de 11:30-13:30 h e 2 h antes de cada acto na Billeiteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala que as autoridades permitan. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa. O dereito a redución deberá acreditarse documentalmente (Ordenanza fiscal nº 34)

DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

1 h antes da función na Billeiteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan. O nº de invitacións limitarase a 5 por persoa.



galecia Xacobeo 2021



PrimART

CONCELLO DE ARTEIXO

PRIMAVERA DAS ARTES

AUDITORIO

E SALA DE EXPOSICIÓNS
DO CCCDEARTEIXO

marzo-abril 2021

+INFO:

CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO
PASEO FLUVIAL, S/N, 15142
981 641 803 / CULTURA@ARTEIXO.ORG
WWW.ARTEIXO.ORG

27 de marzo: Día Internacional do Teatro

teatr-ART

V-26 de marzo-20:00 h - Todos os públicos (+12 anos)

"Don Juan Tenorio" de Noite Bohemia



Recuperar a tradición de **Don Juan Tenorio** foi sempre unha premisa importante para a compañía Noite Bohemia que leva facéndoo cada mes de outubro desde o ano 2014. Para esta ocasión presentáanos unha innovadora e ambiciosa montaxe que recorre aos avances no audiovisual para lograr un forte dinamismo na escena ao recrear os decorados en 3D a través do videomapping.

Autor: José Zorrilla

Adaptación e Dirección: Javier Fernández Mariño

Elenco: Noite Bohemia, Coro El Acorde Secreto e Ballet Druida

Duración: 90 min.

D-28 de marzo-20:00 h - Público adulto

"32 m²" de Butacazero



Mar e Xan son unha parella fóra do común, coma todas. Viven tan tranquilamente no seu pisoño de 32m². A vida pasa e o mundo xira, volta e volta, coma un filete. Pero un día, o mundo esmendréllese. **O que era unha Nación convértese nunha HiberNación e hai que facer todo o que di Simón.**

Autora: Esther F. Carrodegas

Dirección: Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira

Música orixinal: Rodrigo Cuevas

Elenco: Nuria Gullón e Xurxo Cortázar

Duración: 80 min.

Renderase unha homenaxe a **Gustavo Pernas Cora**, fundador da compañía Ancora Producións con Anxela G. Abalo, dramaturgo, produtor, director de escena e actor.

teatr-ART

V-9 de abril-19:00 h - Público infantil (1-8 anos)

"Ris Ras" de Baobab Teatro



Ris Ras está pensado para enredar, rir e bailar, un espectáculo musical e teatral para as/os máis pequenas/os da casa onde a palabra e as brincadeiras están presentes para levarnos á tradición oral galega.

Dirección: Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Elenco: Iria Piñeiro e Ailén Kendelman

Duración: 45 min.

maxi-ART

V-16 de abril-20:00 h - Todos os públicos

"Galego: maxia" do Mago Dani Polo

Espectáculo didáctico onde grazas á maxia se pon en valor a diversidade lingüística e territorial do noso país. A través de diferentes ilusións, humor e sobre todo, moita participación do público, descubriremos xuntos o poder máxico que agocha a lingua galega.



DANI POLO-Premios:

Premio Ali Bongo Francia 2018 a mago mozo revelación.

Premio Nacional de Maxia.

Mencións especiais en Italia, Francia e Latinoamérica.

1º Premio Almussafes Magic 2017

Duración: 60 min.

expo-ART

Do 27 de marzo-30 de abril
Sala de Exposicións do CCC de Arteixo
"Outra pel, outro rostro"
da fotógrafa Cris Andina



EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

OUTRA PEL, OUTRO ROSTRO

POR CRIS ANDINA

DO 27 DE MARZO (DÍA INTERNACIONAL DO TEATRO)
ATA O 30 DE ABRIL DO 2021

NA SALA DE EXPOSICIÓN DO CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO
(PASO FLUVIAL S/N | 15142 ARTEIXO)

HORARIO:
DE LUNS A VENRES DE 10:30-14:00 E DE 16:30-20:00
SÁBADO DE 10:30-13:00
DOMINGOS E FESTIVOS: PECHADO

Outra pel, outro rostro é un humilde exercizo de **homenaxe e reivindicación da figura das actrices e actores de teatro**. Pero, no fondo, tamén da propia dramaturxia en sí e do conxunto de persoas e colectivos, profesionais ou non, que a fan posible.

Partindo desta intención (e percepción), a autora decidiu fixar o seu foco precisamente xusto no momento en que todo o traballo interpretativo toma corpo: antes e despois da caracterización. Xusto o momento en que actrices e actores pasan a ser "outras" e "outros", xa "noutra" pel, xa con "outro" rostro.

Así pois, *Outra pel, outro rostro* pretende recoller a inmensidade das actrices e os actores de teatro por riba de todo; protagonistas únicos deste proxecto. Branco e negro despois de todo artifício. Oficio e luz. Nada máis. A partir de aí, só a complicidade entre cámara e intérprete. O retorno, irreprochablemente honrado e sempre xeneroso, delas e deles, tal e como son eles e elas, tal e como son outros e outras.